



Comunicado nº 017/17
18 de xaneiro de 2017

❑ XORNADAS NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PUBLICA.

Onte día, 16 de xaneiro, celebrouse unha xornada de traballo nas que se impartiron sendas conferencias, ós mandos dos Sectores e Subsectores de Tráfico de Galicia, referentes a visión e problemática das probas de automobilismo dos diferentes Campionatos de Galicia, vistas desde a perspectiva de persoal experto da Federación Galega de Automobilismo.

A primeira ponencia foi dada polo Presidente da “Federación Galega de Automobilismo”, a segunda pola Letrada Asesora da Federación, e a terceira por un Director de proba conxuntamente cun Presidente dun Comité Organizador.

Na “**Academia Galega de Seguridade Pública**”, na Estrada, fíxose a primeira ponencia de coordinación, e posta en común dos criterios de “organización” e “seguridade vial”, que será repetida periodicamente, para facelas probas de automobilismo máis seguras e viables a partir da tempada 2017.

